

PROPOSTA TÉCNICA DE FOMENTO DEPORTIVO

IMPLEMENTACIÓN DE PISTAS DE PICKLEBALL INCLUSIVO NA CORUÑA

PROXECTO PILOTO DE ACCESIBILIDADE UNIVERSAL NAS
PISTAS DE BARRIO



DESTINATARIO:

**Servizo Municipal de Deportes
Concello da Coruña**

PRESENTADO POR:

Movemento @queremospickleball

Localizacións: O Castrillón / Eirís

Data: Abril de 2026

Índice de contenido

1. INTRODUCCIÓN.....	2
2. XUSTIFICACIÓN TÉCNICA E USO DO ESPAZO	2
3. ACCESIBILIDADE E DEPORTE INCLUSIVO	3
4. ESPECIFICACIÓNS DA INTERVENCIÓN E FASE PILOTO	3
4.1. Localizacións Propostas e Xustificación.....	3
4.2. Detalles Técnicos	3
5. SOLICITUDE.....	4
6. ANEXOS GRÁFICOS	5
6.1 ANEXO I: Esquema orientativo pistas de Eirís	5
6.2 ANEXO II: Esquema orientativo pista Pablo Iglesias	5
6.3 ANEXO III: Esquema de medidas oficiais	6

PROPOSTA TÉCNICA DE FOMENTO DEPORTIVO: IMPLEMENTACIÓN DE PISTAS DE PICKLEBALL INCLUSIVO NA CORUÑA

Á ATENCIÓN DE: Servizo Municipal de Deportes – Concello da Coruña

ASUNTO: Solicitud técnica para o marcaxe de liñas de pickleball en pistas polideportivas de uso público e fomento do deporte inclusivo. Localizacións piloto en Eirís e O Castrillón.

1. INTRODUCCIÓN

O **Pickleball** é unha disciplina deportiva emerxente que combina elementos do tenis, bádminton e tenis de mesa. Polas súas características, require unha infraestrutura mínima, sendo posible a súa práctica en superficies polideportivas xa existentes mediante unha sinxela marcaxe de liñas.

A presente proposta solicita ao Servizo Municipal de Deportes a adecuación de espazos exteriores para dar resposta á crecente demanda deste deporte na cidade, optimizando o uso das instalacións actuais sen interferir nas súas funcións habituais. Proponse a implementación dunha fase piloto en dúas localizacións estratéxicas dos barrios de Eirís e O Castrillón.

2. XUSTIFICACIÓN TÉCNICA E USO DO ESPAZO

A intervención proposta baséase nos principios de eficiencia e polivalencia das instalacións públicas:

- **Optimización de Superficie:** Unha pista polideportiva estándar permite a marcaxe transversal de ata **4 pistas de pickleball**, aumentando a ratio de usuarios por metro cadrado.
- **Mínimo Impacto e Mantemento:** A proposta non require de obra civil nin instalación de elementos fixos. O mantemento é inexistente, xa que os usuarios comprométese ao uso de redes portátiles propias.
- **Polivalencia:** O uso de cores diferenciadas para a marcaxe garante que a práctica do pickleball sexa compatible co fútbol sala, o balonmán ou o baloncesto na mesma superficie.

3. ACCESIBILIDADE E DEPORTE INCLUSIVO

Este servizo debe considerar o pickleball como unha ferramenta estratéxica para a inclusión nas instalacións municipais:

- **Deporte Adaptado:** É unha das disciplinas máis sinxelas de integrar para usuarios en cadeira de rodas (permitindo o xogo híbrido), o que reforza o carácter inclusivo das pistas de barrio.
- **Baixo Impacto:** Pola súa dinámica, é ideal para o fomento do deporte entre a terceira idade e persoas con diversidade funcional motriz ou intelectual, mellorando a coordinación e a cohesión social.

4. ESPECIFICACIÓNS DA INTERVENCIÓN E FASE PILOTO

Solicítase ao equipo técnico a valoración da actuación baseándose nos esquemas integrados nos anexos deste documento. Proponse a seguinte fase piloto:

4.1. Localizacións Propostas e Xustificación

1. **Canchas de Eirís:** Pistas situadas no parque entre as rúas **Jerónimo Vázquez Franco** e a **Avenida Lamadosa**. Esta ubicación daría servizo a unha zona residencial cunha alta densidade de poboación e espazos verdes de referencia (*Ver apartado 6.1 ANEXO I: Esquema orientativo pistas de Eirís*).
2. **Cancha Polideportiva do Parque de Pablo Iglesias (O Castrillón):** Proponse a marcaxe nesta pista exterior para xerar sinerxias co Polideportivo Municipal do Castrillón, onde xa existe actividade relacionada co Pickleball. A marcaxe exterior permitiría ofrecer unha alternativa de xogo libre ao aire libre, potenciando a dinamización deportiva xa existente no barrio (*Ver apartado 6.2 ANEXO II: Esquema orientativo pista Pablo Iglesias*).

4.2. Detalles Técnicos

1. **Pintado de liñas:** Execución de liñas de 5 cm de ancho en pintura de alta resistencia nunha cor contrastada (amarela ou azul celeste).
2. **Nota técnica sobre os anexos gráficos:** Os esquemas e bocetos presentados teñen un carácter **meramente orientativo e ilustrativo** para facilitar a identificación das localizacións e a distribución espacial. A marcaxe final deberá axustarse ás medidas regulamentarias oficiais e ás distancias de seguridade que os técnicos municipais determinen sobre o terreo (*Ver apartado 6.3 ANEXO III: Esquema de medidas oficiais*).

5. SOLICITUDE

Por todo o exposto, solicítase ao **Servizo Municipal de Deportes**:

1. A realización dunha **inspección técnica** nas pistas polideportivas propostas nos anexos (Eirís e O Castrillón) para determinar a viabilidade da marcade.
 2. A **autorización e execución** das tarefas de pintado para permitir a práctica deportiva regulamentada e segura na cidade da Coruña, comezando por estas dúas localizacións piloto.
-

6. ANEXOS GRÁFICOS

6.1 ANEXO I: Esquema orientativo pistas de Eirís


(Parque entre Rúa Jerónimo Vázquez Franco e Avda. Lamadosa)



Nota: Esquema ilustrativo sen escala para a identificación de espazos. Marcaxe final segundo as medidas oficiais (6,10 m x 13,41 m).


6.2 ANEXO II: Esquema orientativo pista Pablo Iglesias

(Barrio do Castrillón)



Nota: Esquema ilustrativo sen escala para a identificación de espazos. Marcaxe final segundo as medidas oficiais (6,10 m x 13,41 m). Propónse esta marcaxe en coordinación coa actividade existente no Polideportivo Municipal.

6.3 ANEXO III: Esquema de medidas oficiais



Medidas estándar regulamentadas pola Federación Internacional de Pickleball (IFP) para a modalidade de dobles e individual.